BIBLIOTECA ALEXANDRE BÓVEDA

Recomendacións de lecturas para regalar **en Nadal**

1ª de ESO e máis alá...

Brisingr. Christopher Paolini. Roca editorial.

Terceira entrega da saga *El legado*. Tralo



éxito de Eragon e Eldest, de novo temos aos vardenos, a Saphira, a Roran e o malvado Galbatorix. Lealdades e enemistades que porán a proba o liderato do xoven xinete do dragón.

Molly Moon y los ladrones de cerebros. Georgia Byng. SM.

Molly descubre que é capaz de ler a mente de quen queira. Axudaralle isto a rescatar ao seu irmán atrapado no futuro?

Valdemuller. Xosé A. Neira Cruz. SM

Gañadora do premio Barco de vapor. (12-14 anos) Mina inicia unha viaxe para buscar a unha tía avoa que nin siquera sabía que existise. Ao longo da viaxe iniciase a súa etapa de maduración como muller.

El libro azul. Lluís Prats. Casals.

Leo, un xoven lector, é reclamado polo protagonista dun libro (El libro azul) para seguir a pista dun antigo sepulcro gótico



Segundo ciclo ESO e máis alá...



Zits. Jerry scott e Jim Borgman. Norma ed.

Coñece as aventuras e desventuras do adolescente Jeremy Duncan, a súa familia e os seus amigos. Sete volumes dispoñibles na biblioteca deste éxito da banda deseñada.

Dos velas para el diablo. Laura Gallego. SM

Ninguén cre nos anxos pero si no demo. A verdade é que os anxos existen, e eu seino porque... o meu pai era un deles. Os problemas comezan cando os anxos che dan a espalda.

A conta atrás. Carlos portela. Banda deseñada editada pola faktoría K de libros.

A conta atrás é unha viaxe no tempo. Arrinca un ano logo da marea negra e vai repasando en sentido inverso, indo cara atrás no tempo, a historia do desastre ata chegar a como era a vida dos protagonistas antes do naufraxio. Unha viaxe que afonda nos porqués das cousas.

O único que queda é o amor. Agustín Fernández Paz. Xerais.

Premio nacional de literatura infantil e xuvenil e anteriormente galardonado co premio Xosé Neira Vilas ao libro infantil e xuvenil. Trátase dun libro de relatos que teñen un eixe común: o amor. A nosa aposta para o club de lectura.



Zara y el librero de Bagdad. Fernando Marías SM.

Guerra civil española, Guerra de Irak. Distintas guerras, as mesmas vítimas, o mesmo exilio. Unha historia dentro da historia, un libro dentro do libro. Pasado e presente danse a man neste relato comprometido e gañador do Premio Gran Angular.

Amanecer. Stephenie Meyer. Alfaguara

Cuarta entrega da saga vampírica de máis éxito entre os adolescentes. Agora que vai sair a versión cinematográfica da primeira parte, é bo momento para rematar de ler as catro entregas: Crepúsculo, Luna Nueva, Eclipse , Amanecer.

Bacharelato e máis alá...

A vida que nos mata. Xabier López López. Galaxia.

Premio García Barros 2003. Unha trama de novela negra ambientada no balneario de Mondariz nos anos 20.

El asombroso viaje de Pomponio Flato.
E. Mendoza. Seix Barral

Pomponio Flato viaxa polos confíns do Imperio romano en busca dunhas augas de efectos portentosos. Chega por azar a Nazaret, onde van executar ao carpinteiro , convicto de asasinato. Pomponio vese inmerso na solución do crime, contratado polo fillo do carpinteiro, un neno singular, convencido da inocencia do seu pai, home en aparencia pacífico e taciturno, que oculta, con todo, un gran segredo. Unha orixinal trama detectivesca ao servizo da sátira literaria contra as novelas de consumo.

La chica que soñaba con una cerilla y un bidón de gasolina. **Stieg Larsson. Destino.**

Se xa liches *Los hombres que no amaban a las mujeres*, non te podes perder esta segunda entrega da serie Millenium.

Mentres Lisbeth Salander goza duns días supostamente tranquilos no Caribe, Mikael Blomkvist, vitorioso e rehabilitado, traballa no lanzamento dun número especial da revista Millennium sobre un tema candente: unha escura historia de prostitutas provenientes dos países do Leste. Mentras tanto unha moza atada a unha cama so pensa en conseguir un misto e un bidón de gasolina para acabar co seu sufrimento.

La elegancia del erizo. Muriel Barbery. Seix Barral

A revelación literaria en Francia pola súa tenrura e orixinalidade, o cal lle valeu o Premio dos Libreiros e o favor do público. Dúas amigas inventan un mundo mellor grazas á beleza das pequenas cousas.

Memoria de cidades sen luz. Inma López Silva. Galaxia.

Gañadora do Premio Blancoamor 2007. A vida no exilio do protagonista, a través de diversas décadas e distintas cidades. Un relato de vidas tecidas arredor de guerras e exilios.

O xardín das pedras flotantes.
Manuel Lourenzo González. Xerais.

Premio Xerais 2008. Un relato de amor entre adolescentes marcado por unha historia xenealóxica confluínte que arranca na Idade Media.